



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Lingua e literatura galega e a súa didáctica		Código	652G02013
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	Pardo de Neyra Fernández-Couso, Xulio	Correo electrónico	xulio.pardodeneyra@udc.es	
Profesorado	Pardo de Neyra Fernández-Couso, Xulio	Correo electrónico	xulio.pardodeneyra@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar.
A4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento.
A19	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación.
A20	Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe				
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación		
<p>A1 Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar. A4 Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento. A19 Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación. A20 Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas. B7 Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo. B9 Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita. B14 Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual. B15 Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información. C3 Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. C7 Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. C8 Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.</p>		A1	B7	C3
		A4	B9	C7
		A19	B14	C8
		A20	B15	



Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. CONCEPTOS PREVIOS TEMA 2. CONCEPTOS BÁSICOS EN DLL TEMA 3. LINGUA, ENSINO E SOCIEDADE TEMA 4. A LITERATURA E A SÚA DIDÁCTICA TEMA 5. LITERATURA INFANTIL GALEGA	<ol style="list-style-type: none">1. 1. Definición da Didáctica da Lingua e a Literatura (DLL).1. 2. Que e DLL?: nacemento e consolidación dunha Disciplina universitaria.1. 3. Un novo paradigma de Ensino Lingüístico e Literario.1. 4. A investigación en DLL. Ámbitos e liñas de investigación.<ol style="list-style-type: none">2. 1. A comunicación. Elementos básicos.<ol style="list-style-type: none">2. 1. 1. A comunicación oral.2. 1. 2. LA comunicación escrita.2. 2. Competencia comunicativa.<ol style="list-style-type: none">2. 2. 1. A competencia lingüística.2. 2. 2. Adquisición e aprendizaxe. O concepto de interlingua.2. 3. Competencia literaria.<ol style="list-style-type: none">2. 3. 1. Competencia literaria e competencia lectora.2. 3. 2. Niveis e compoñentes.2. 4. Enfoque e método.<ol style="list-style-type: none">2. 4. 1. Enfoque comunicativo.2. 4. 2. Enfoque da recepción.2. 5. Desenvolvemento curricular.<ol style="list-style-type: none">2. 5. 1. A avaliación como seguimento procesual. Avaliación formativa.2. 6. O profesor ou profesora da área de lingua e literatura.3. 1. A comunidade lingüística galega. Bilingüismo social, diglosia, glotofaxia.3. 2. O proceso de fixación do estándar.3. 3. Procesos de textualización. Texto oral, texto escrito. Proceso de composición textual.3. 4. O texto na sociedade. O texto na Escola. Tiploxía textual.<ol style="list-style-type: none">4. 1. O texto literario. Lugar e función no ensino. Produción literaria e público infantil.4. 2. O texto literario na Galiza. Problemática da Literatura Galega. O historicismo e o biografismo no ensino da Literatura. Periodoloxía literaria.4. 3. Estrutura do texto narrativo. Relato breve e relato longo. Estrutura do texto dramático. Texto poético: ritmo e poesía.5. 1. Nacemento e desenvolvemento dun subxénero contemporáneo: a literatura infantil e a Galiza.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	0	10	10
Esquemas	3	6	9
Lecturas	5	5	10
Presentación oral	2	10	12
Proba obxectiva	3	50	53
Traballos tutelados	6	40	46
Atención personalizada	10	0	10



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Achegamento crítico a distintos textos que se proporán nas aulas. Trátase dunha parte esencial da cadeira, posto que o alumno ou a alumna debe demostrar solvencia analítica á hora do manexo e achegamento a calquera documento relacionado coa materia. De aí que, seguindo este ditado, nos comezos do curso académico, o profesor ofrezca unhas indicacións previas e unha nómina bibliográfica para o manexo de fontes documentais que han ser consideradas antes da realización do achegamento.
Esquemas	Realización de esquemas ideográficos e resumos de diferentes textos propostos na aula. O resumo e a elaboración de esquemas serán de máxima utilidade para o achegamento e o desenvolvemento didáctico dos contidos apuntados na aula, de aí que se faga fincapé na redacción de esquemas ideográficos e ideogramáticos dentro do seguimento e aproveitamento bibliográfico.
Lecturas	Os alumnos e alunas deberán se achegaren a un corpo bibliográfico previamente apuntado nas aulas. Este será obxecto de diverso tratamento crítico e discusión no espazo aular. Debido, así mesmo, ao carácter da cadeira, as lecturas e os posteriores comentarios e/ou debates aulares serán de importancia vital para a cualificación global final. Un alumno ou alumna universitario e universitaria debe ler e manexar correctamente un feixe determinado de lecturas quen de o e a capacitar para un futuro ora profesional ora investigador.
Presentación oral	Dado o futuro profesional do alumnado, cómpre realizar presentacións orais e relatorios sobre calquera texto e/ou aspecto anteriormente propostos. Debido á realidade profesional que lles agarda aos alumnado, serán de vital importancia tanto as intervencións aulares como as presentacións orais, presentacións que se anunciarán e negociarán previamente e que terán a ver cos textos e o material bibliográfico.
Proba obxectiva	O alumnado contará con tres exames ao longo do curso académico: dous parciais en febreiro e maio e un final en data marcada por Xunta de Facultade. Tendo en conta o devir do resto de cadeiras que compoñen o currículo do Grao así como, noutro orde de aspectos, a posíbel inasistencia ás aulas, a proba obxectiva resumirase, de xeito tradicional, a dous exames parciais, independentes, que se haberán de superar nas convocatorias de xuño e maio. Quen non superar un deles ou os dous, poderá concorrer, en xuño, á convocatoria final, mais quen non conseguise superar unha das partes correspondentes aos dous cuatrimestres, na convocatoria extraordinaria de setembro deberá superar toda a materia, non podendo asistir a tal convocatoria unicamente cunha das partes.
Traballos tutelados	Realización dun ou varios traballos relacionados tanto coa recepción e crítica textual como a recepción e comentario lingüístico-literario, así como, por outra parte, elaboración de unidades didácticas referidas a calquera aspecto dos tratados no programa docente. Amais das tradicionais probas de avaliación, o traballo titorizado constituirá un dos agullóns máis decisivos para a cualificación do aproveitamento dos contidos da cadeira. Neste sentido, porén, o traballo ou os traballos titorizados apuntados durante o curso académico serán de gran relevancia á hora de superar exitosamente a cadeira, posto que dan índice da madurez científica de calquera alumno ou alumna. Se se negociar co grupo, pódese optar por unha avaliación de traballos titorizados segundo a opción do portafolio.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Esquemas Lecturas Presentación oral Proba obxectiva Traballos tutelados	Consistirá na solución de calquera tipo de dúbida a respecto da marcha do curso, é dicir, sobre o temario e as actividades propostas, así como sobre os posíbeis traballos titorizados que, ben de forma obrigatoria, ben de forma voluntaria, poidan facer os alumnos e alumnas.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación



Análise de fontes documentais	Traballos de análise documental, previa lectura e recepción.	5
Esquemas	Traballos de realización de esquemas sobre documentos varios.	10
Lecturas	Lecturas de obras propostas ben polo profesor, ben polo alumnado.	10
Presentación oral	Exposición oral, necesaria para todo e toda futura docente.	10
Proba obxectiva	Exame negociado co alumnado, que consistirá na recepción de parte do material teórico co que se traballou nas aulas e nunha proba práctica.	40
Traballos tutelados	Realización de traballos titorizados que se negociarán co grupo-clase.	20

Observacións avaliación

De todas as maneiras, na cualificación final da cadeira influirán variantes como a participación aular e a dispoñibilidade, isto é, o interese amosado e demostrado e un tamén amosado interese pola proposta de actividades, así como, noutro orde, a posíbel redacción de máis traballos complementares que, de ser o caso, ben poderían configurar o desenvolvemento dun xuízo que, de ser aceptado polo grupo-clase, como se ten sinalado pode basearse parcialmente no portafolio.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura infantil e xuvenil e a súa didáctica/652G02029

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua galega e a súa didáctica/652G02005

Literatura infantil e xuvenil e a súa didáctica/652G02029

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías